

A Xunta resístese a recoñecer a igualdade de dereitos nos permisos de natalidade para a outra persoa proxenitora

O Goberno galego négase a aplicar con carácter xeral a sentenza gañada pola CIG que dá 22 semanas de permiso a outra persoa proxenitora e busca gañar tempo coa presentación dun recurso perante o Tribunal Supremo

A CIG gañou no mes de xuño unha sentenza que recoñece a un traballador da administración autonómica (Consortio Galego de Benestar e Servizos Sociais) o dereito a gozar dun permiso polo nacemento da súa filla coa mesma duración -22 semanas no canto de 16- que o que ten a súa parella, nai biolóxica.

O sindicato demandou a continuación que a Administración autonómica á aplicación xeral a todo o persoal da Xunta deste novo dereito recoñecido na sentenza, contundente na súa fundamentación, ao entender que se deben ter presentes os dereitos de conciliación e a corresponsabilidade e a garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, establecendo idéntica duración para o permiso por nacemento da nai biolóxica que para o permiso derivado do nacemento para o proxenitor distinto dela.

Así, desde a CIG instouse á Dirección Xeral de Función Pública a:

- 1.- Modificar o artigo 124 da Lei 2/2015 no sentido do que recolle a sentenza, recoñecendo a extensión a 22 semanas desde as 16 actuais para a persoa proxenitora diferente da nai biolóxica en casos de nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla.**
- 2.- Publicar, mentres non se faga efectivo ese cambio, as instrucións ou normas legais necesarias para que recoñeza ese dereito a todos os empregados e empregadas públicas da Xunta de Galiza.**
- 3.- Negociar, no marco da Mesa Xeral, a extensión dos permisos para ambos proxenitores, dos permisos no camiño da proposta da CIG de amplialos, cando menos dun xeito progresivo, até as 52 semanas**

A CIG lamenta que a Xunta, lonxe de dar pasos inmediatos para garantir o dereito ao pai ou outra persoa proxenitora a aumentar en 6 semanas o seu permiso e ter a mesma duración que a súa parella, nai biolóxica, fai exactamente o contrario e busca evitalo mediante a presentación dun recurso de casación perante o Tribunal Supremo. Desde o sindicato animamos a todos os pais ou nais non biolóxicas, cuxo fillo ou filla aínda non cumprira os 12 meses a presentar unha solicitude perante a XEFATURA TERRITORIAL da Consellaría de Educación que corresponda para prolongar 6 semanas -se xa está a gozar ou se rematou o permiso das 16 semanas- ou a desfrutar as 22 semanas se o nacemento se produce máis adiante. De non se reclamar antes do ano de vida do neno ou nena perdería o dereito a reclamálo, que é o único que busca a Xunta que primeiro legisla sen ter en conta a discriminación en materia de igualdade para despois negarse á evidencia de estender un dereito que descansa precisamente na corresponsabilidade plena nos coidados e crianza dos nosos fillos e fillas.

CURSOS 2023-24 FORMACIÓN



CURSOS A DISTANCIA

1º TRIMESTRE

Do 26 de setembro ao 23 de outubro

- ▶ Curso para certificar a competencia dixital B2: A1 e A4. Actividades interactivas e de avaliación con H5P en Moodle e E-dixgal.

Simultaneable con outro curso a distancia

- ▶ O cambio climático e os impactos ambientais no ámbito galego. Recursos didácticos para traballar nas aulas.
- ▶ Os centros e programas da acción educativa no exterior.

Do 27 de outubro ao 17 de novembro

- ▶ Curso para certificar a competencia dixital B2: A2 e A5. Intelixencia artificial para o ensino. Simultaneable con outro curso a distancia
- ▶ Na procura do noso patrimonio histórico II. As cruces de pedra na Bretaña, a universalidade da nosa cultura.
- ▶ Dereitos de conciliación e laborais. Plans de igualdade para o profesorado.

Do 21 de novembro ao 19 de decembro

- ▶ Curso para certificar a competencia dixital B2: A3 e A6. Aula invertida e podcast. Simultaneable con outro curso a distancia
- ▶ Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) e diversidade: derrubando barreiras desde a aula.
- ▶ Usos lingüísticos e identidade(s) de xénero. Reflexións para unha coeducación efectiva.

2º TRIMESTRE

Do 10 ao 31 de xaneiro

- ▶ Deseño e elaboración dunha programación didáctica para FP.
- ▶ Programacións e unidades didácticas. Infantil.
- ▶ Deseño e elaboración de unidades didácticas en Primaria.
- ▶ Programación e unidades didácticas. Secundaria.

Do 2 ao 29 de febreiro

- ▶ Curso para certificar a competencia dixital B2: A4 e A5. Genially: avaliación e empoderamento do alumnado. Simultaneable con outro curso a distancia
- ▶ Mellora da competencia lingüística en galego para docentes.
- ▶ Portugués inicial para docentes.

Do 5 de marzo ao 4 de abril

- ▶ Autor ou autora que se homenaxea no Día das Letras Galegas.
- ▶ Deseño de situacións de aprendizaxe e secuencias didácticas para as áreas lingüísticas.
- ▶ Implicacións docentes do novo Real Decreto de FP.

3º TRIMESTRE

Do 9 de abril ao 7 de maio

- ▶ Curso para certificar a competencia dixital B2: A4 e A6. Canva: avaliación e desenvolvemento da competencia dixital do alumnado. Simultaneable con outro curso a distancia
- ▶ O audiovisual nas aulas.
- ▶ Xestión de conflitos nos centros de ensino.

Duración dos cursos a distancia: 30 h

CURSOS PRESENCIAIS

Paseos Pedagóxicos de Vigo 2023: «Episodios litorais» da costa sur da Gallaecia	Vigo	9, 13, 16, 20 e 23 de setembro
XXXV Semana da Educación de Pontevedra	Pontevedra	20, 21, 22 e 23 de setembro
VIDEOCONFERENCIA: Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria.		20, 21, 27 e 28 de setembro
Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso	A Coruña	23 de setembro
Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso	Compostela	23 de setembro
Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso	Pontevedra	16 de setembro
Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso	Vigo	7 de outubro
Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso	Ourense	23 de setembro
Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso	Lugo	23 de setembro
Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso	Ferrol	23 de setembro
Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso	A Mariña	30 de setembro
III Xornadas de historia de Galiza. A nosa historia facémola nós	Compostela	11 de novembro
III Xornadas de Atención á Diversidade	Lugo	20 de xaneiro
XXI Xornadas das Mulleres	Compostela	2 de marzo
XXXIII Xornadas de lingua e literatura	Compostela	13 de abril
XXV Xornadas de Educación Infantil	Compostela	13 de abril

Duración dos cursos presenciais: 8 horas, incluída a videoconferencia, excepto:

- Paseos pedagóxicos de Vigo: 32 horas
- Semana da Educación de Pontevedra: 20 horas

Todos os cursos teñen solicitada a homologación da Consellería de Educación

LIGAZÓNS PARA MATRICULARSE:

www.as-pg.gal



www.cig-ensino.gal

